

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados Eva Solla Fernández e Xabier Ron Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate en **Comisión, relativa ao uso das Residencias de Tempo Libre coma centros de acollida de persoas refuxiadas.****

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo a ACNUR, a causa da guerra que vive Siria o número de persoas refuxiadas só en países limítrofes ascende ás 4.089.023. A magnitude desta crise humanitaria provoca que unhas 3.000 persoas ao día, estimación ofrecida tamén polo mesmo organismo de Nacións Unidas, trate de chegar a Europa, sobre todo ao traveso de Grecia e os Balcáns.

A responsabilidade de Europa para con estas persoas non se debe unicamente a cuestións humanitarias. A vontade de desestabilizar Oriente Medio forma parte dunha estratexia dos países occidentais polo control xeopolítico, desa parte do mundo e dos seus recursos.

Coma ten constatado Bruxelas, os países da UE violan con total impunidade os dereitos das persoas que solicitan asilo. En concreto, o artigo 18 da carta de Dereitos Fundamentais da UE que, en consonancia co artigo 14 da Declaración de Dereitos Humanos, esixe a salvagarda do dereito de asilo para todas as persoas en clara necesidade de protección internacional.

A Comisión Europea ven de facer públicas a cantidade de persoas refuxiadas que debería asumir España: 5.837. Se esa cantidade se repartise por CCAA en base á poboación, a Galicia corresponderíalle acoller 707 refuxiados e refuxiadas.

No noso país temos infraestruturas dispoñibles e adecuadas para albergar a moitas de estas persoas, coma poden ser os dous centros de tempo libre, situados en O Carballiño e Panxón. Con 350 e 260 prazas, respectivamente. E que por desgraza fican baleiros, tal e coma se ten debatido en varias ocasións, durante grande parte do ano.

O 19 de Febreiro de 2015, a sesión ordinaria da Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, aprobou por unanimidade, cunha emenda do Partido Popular, unha Proposición non de lei de AGE que instaba a traballar para conseguir maior ocupación da residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán).

Nos diversos debates mantidos sobre este tema, dende o Grupo de AGE espúxose en varias ocasións que os usos sociais dos Centros poderían ser unha alternativa válida. Nese senso, a Xunta de Galicia, non só estaría asumindo o dereito de asilo de estas persoas, se non que permitiría que no tempo que dura esta estancia, se proporcionase traballo para aos planteis de traballadoras e traballadores das residencias.

Por todos estes motivos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)** presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a empregar as residencias de tempo libre de O Carballiño e Panxón coma instalacións para o acollemento das persoas refuxiadas.

Compostela, 4 de setembro de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández

Xabier Ron Fernández

Deputados do G.P. da AGE

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 07/09/2015 12:00:33

Jose Javier Ron Fernandez na data 07/09/2015 12:00:42

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/09/2015 12:00:52